Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
LUNS, 2 DE NOVEMBRO DE 2026 | LUNES, 2 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 209

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEDA

Bases reguladoras da concesión de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro, para a promoción de actividades culturais e deportivas

ANUNCIO

Bases reguladoras da concesión de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local do día 19.10.2026 aprobáronse as Bases reguladoras da concesión de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro, para a promoción de actividades culturais e deportivas, cuxo texto se transcribe:

Bases reguladoras da concesión de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro

Expediente en TEDeC: 2026/A002/000002; 2026/A002/000003

Disposicións xerais

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrencia, non discriminación e igualdade, para a prestación de servizos e a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal; ou que, en xeral contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do Municipio.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nos artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; 40.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais; 23 e seguintes do Regulamento de servizos das corporacións locais; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; Real decreto 2225/1993, do 17 de decembro, en canto non se opoña a esta última.

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 334.48004 (na cal existe crédito para esta finalidade, promoción actividades culturais, por importe de 10.000,00 €); e 341.48007 (na cal existe crédito para esta finalidade, promoción de actividades deportivas, por importe de 6.000,00 €).

1. Obxecto da subvención.

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para as seguintes actividades:

- **Promoción de actividades culturais.**

  Entenderase por actividades culturais, actividades tales como: celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, excursións, eventos musicais, encontros, conferencias, estudios, etc., en xeral, calquera actividade de conservación, promoción e divulgación dos valores culturais, especialmente dos que resulten de seu á comunidade galega e/ou ao Concello de Neda.

- **Promoción de actividades deportivas.**

  Poderán optar a estas subvencións os clubs deportivos e as persoas físicas que promovan o fomento de actividades físico-deportivas.

O período que se terá en conta para a realización das actividades será o ano natural (dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro).

Non poderán ser obxecto de subvención:

- Actividades que non cumpran algún requisito das presentes bases.
- As viaxes de ocio e os gastos de manutención, por esta razón este tipo de gastos, tampouco poderán incluírse nos orzamentos que se presenten para calquera outra finalidade.
- As actividades de carácter confesional nin as festas.

Número de anuncio 2026/6998

- Actividades relacionadas con excursións que non teñan marcado carácter cultural (gastronómicas, exaltación de viños, etc.).
- As actividades nas que se sirvan bebidas ou produtos alimentarios tales como, festas de socios e outras , agás aquelas que polo seu arraigo formen parte da cultura tradicional (magosto, samaín, san xoan, etc.).

2. Solicitantes.

Poderán solicitar estas subvencións: as persoas físicas, as persoas xurídicas, públicas ou privadas, asociacións, agrupacións veciñais ou comités organizadores, as comunidades de bens ou calquera outra unidade económica ou patrimonio separado que, aínda non tendo personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención, debendo nomear un representante con poderes bastantes para cumprir as obrigas de beneficiario. Debendo cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades preferentemente no termo municipal, ou no caso de efectuarse fóra deste, deberá tratarse de actividades que suplan ou complementen ás atribuídas ao Concello de Neda.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Neda.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Neda.

3. Documentación para a solicitude.

a) Instancia individualizada por cada modalidade de actividade, asinada polo presidente da entidade, asociación, o por quen teña conferida a delegación, debendo acreditar debidamente tal circunstancia, na que conste a contía da subvención que se solicita.

b) Para o caso de grupos carentes de personalidade xurídica, deberá ser presentada por unha persoa física nomeada polos membros do mesmo mediante acta constitutiva do grupo como entidade carente de personalidade xurídica, e subscrita por todos eles onde se autorice á persoa que insta a axuda a recibila, a cumprimentar tódolos trámites da subvención, e percibir as cantidades concedidas como subvención, así como xustificala na súa debida forma.

c) Programa ou memoria detallada das actividades que se pretenden realizar.

d) Presuposto detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para a súa financiación.

e) Acreditación documental o fotográfica das actividades a desenvolver, sempre que fose posible.

f) Certificación dos cargos representativos e domicilio social, con expresión do DNI o CIF. (Se fosen entidades inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello non se esixirá tal trámite)

g) Estatutos da entidade para o caso das asociacións e demais persoas xurídicas. (Se fosen entidades inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello non se esixirá tal trámite)

h) Copia do CIF da entidade. (Se fosen entidades inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello non se esixirá tal trámite)

i) Declaración de se lles foron concedidas outras subvencións para a mesma actividade procedentes de calquera administración ou ente público o privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.

j) Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.

k) Certificación do secretario da asociación ou declaración xurada de que se atopan ao corrente nas súas obrigas fiscais en xeral, e en concreto, co Concello de Neda, e coa Seguridade Social.

As comisións de festas, no caso de estar constituídas por persoas físicas, deberán presentar copia do NIF dos solicitantes e documento acreditativo da súa representación (certificación da acta de constitución da comisión, así como dos nomeamentos da xunta directiva).

Os grupos carentes de personalidade xurídica, no caso de estar constituídos por persoas físicas, deberán presentar copia do NIF dos solicitantes e documento acreditativo da súa representación (acta de constitución, así como nomeamento do seu representante).

As asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións están exentas de presentar a documentación sinalada nos apartados d), e) e f), debendo presentar fotocopia do documento que acredite a súa inscrición.

Número de anuncio 2026/6998

Se se apreciasen defectos de forma o documentación incompleta, requirirase a corrección o rectificación no prazo de dez días, arquivándose o expediente sen máis trámite de non efectuarse estas.

4. Prazo de solicitudes.

As solicitudes de subvención deberán presentarse no rexistro xeral do Concello.

As entidades interesadas poderán solicitar as subvencións no prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

5. Concesión de subvencións.

A concesión de subvencións corresponde á Xunta de Goberno Local, previa proposta dos concelleiros delegados na materia debidamente motivada, de acordo cos seguintes criterios:

A. CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES VECIÑAIS E CULTURAIS:

CONCEPTO	PUNTOS
A súa representatividade no Concello, o interese xeral das actividades a desenvolver e a súa repercusión social por cada actividade subvencionable	0,25
Contribución a normalización dos usos oral ou escrito da lingua galega	0,25
Carácter periódico ou permanente das actividades a desenvolver organizadas pola entidade	0,25
Actividades dirixidas a persoas maiores ou en perigo de exclusión	1
Accións de recuperación patrimonial (etnográfica, musical, tradición oral, recuperación do patrimonio material e inmaterial, etc...) por cada actividade subvencionable	0,25
Accións dirixidas a promover a participación da xuventude na vida social	1
Accións dirixidas a preservar o medio ambiente, ben a través de acción formativas, informativas ou actuacións directas no medio, sempre que conten cas correspondentes autorizacións por parte da administración competente, por cada actividade	0,25
Actividades conxuntas entre varias asociación	1
Actividades informativas ou calquera outra actividade proposta polo Concello	1

B. CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS:

CONCEPTO	PUNTOS
Contribución a normalización dos usos oral ou escrito da lingua galega	1
Actividades informativas, formativas ou calquera outra actividade proposta polo Concello	1
Accións dirixidas a promover a participación da xuventude na actividade	1
Carácter periódico ou permanente das actividades a desenvolver organizadas pola entidade	1
Pola existencia de varios equipos ou categorías que participen en competicións	3
Polo número de fichas en competicións federadas:	
- 20 fichas o menos	3
- Entre 20 e 50 fichas	6
- Mais de 50 fichas	9

A contía da subvención que se concederá a cada unha das solicitudes, será o resultado de aplicar os criterios referidos e aplicar a seguinte fórmula:

CONTIA SUBVENCIÓN: (E*O)/T

Sendo:

T: A suma da puntuación total de tódalas entidades.

E: A puntuación da entidade solicitante.

O: O importe total da partida orzamentaria en euros.

Número de anuncio 2026/6998

A contía da subvención estará en función do custo dos programas, dos criterios de baremo e dos recursos con que conte para cubrir parcialmente os proxectos, e terá en todo caso un importe máximo non superior a 1.500 euros no caso de subvencións a entidades veciñais e culturais.

As subvencións que se outorguen ao abeiro do establecido nas presentes bases serán compatibles con outras axudas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa procedencia, pero en ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade que vai a desenvolver a entidade beneficiaria.

A porcentaxe subvencionable polo Concello poderá acadar o 100% do custo da actividade á que se aplique.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederase polo departamento competente, a efectuar unha comparación ós efectos de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración anteriormente fixados, elaborando unha proposta de concesión que se someterá ao órgano competente para a súa concesión.

Posteriormente, o órgano municipal competente adoptará o acordo que proceda.

A resolución da concesión será notificada ao interesado no prazo de tres meses, unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes. A falta de resolución expresa producirá efectos desestimatorios, e contra a desestimación expresa ou presunta poderán formularse os recursos que procedan.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria.

6. Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas do beneficiario:

- Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.
- Xustificar o cumprimento dos requisitos, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- Destinar a subvención exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración do destino non autorizada polo Concello.
- O sometemento ás actuacións de comprobación do Concello da efectiva realización das actividades para as que se concede a subvención.
- Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- Facilitar canta información sexa requirida polo Concello, polo Tribunal de Contas ou a intervención municipal.
- Acreditar que está ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello, das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, situación a primeira que se apreciará de oficio por este Concello, sen prexuízo da esixencia da certificación neste senso polo secretario da asociación.
- Dispoñer dos libros contables e demais documentos debidamente auditados nos termos da lexislación mercantil.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- Sinalar en todo tipo de publicidade que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Neda.
- Proceder ao reintegro dos fondos recibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

7. Documentación para a xustificación e cobro das subvencións.

O prazo de xustificación das subvencións será de dous meses a partires da súa concesión e, en todo caso, antes do 31 de marzo do ano seguinte, agás que se solicitase e fose concedida unha prórroga. Se non se presentase a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado) por resolución da Alcaldía, iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso, ou de reintegro das cantidades percibidas e non xustificadas.

Para o cobro das subvencións as entidades presentarán a seguinte documentación:

- Certificación do secretario/a da entidade co visto e prace do presidente/a que acredite o cumprimento das actividades ou investimentos solicitados e as subvencións obtidas doutros organismos ou entidades para os mesmos conceptos, ou declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- Facturas dos gastos en orixinal ou fotocopias compulsadas, debendo alcanzar como mínimo o importe da subvención concedida.

Número de anuncio 2026/6998

Naqueles supostos en que a natureza da actividade subvencionada e os gastos correntes que xeren ou fagan aconsellable, poderase admitir, de xeito excepcional, como xustificante calquera outros documentos que acrediten a realización da actividade obxecto da subvención e a aplicación dos fondos recibidos (tíckets de compra, xustificantes de recibos debidamente formalizados, e calquera outros admitidos en dereito).

- As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades que xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante facturas ou nóminas orixinais, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas.

Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente estimará o cumprimento das actividades ou inversión subvencionada, e se a documentación é correcta procederase ao pagamento da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta o insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

O importe da subvención reducirase proporcionalmente ós gastos non xustificados correctamente.

O pagamento da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

8. Reintegro de subvencións.

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas dende o momento do pagamento da subvención, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Disposicións Finais.

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no artigo 40 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais, e demais normas concordantes: Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do tribunal de contas e Lei ordinaria do consello de contas de Galicia.

As sancións procedentes serán acordadas e impostas pola Alcaldía."

Segundo. Publicar estas bases reguladoras da concesión de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

Vila de Neda, 27 de outubro de 2026

O alcalde

Ángel Alvariño Saavedra

2026/6998